

A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL.

- Desenvolveuse entre 1914 e 1918. Foi a Primeira Gran Guerra porque nela entraron as potencias europeas e as súas colonias. Tamén acabaron entrando outras potencias de ultramar como Estados Unidos e Xapón. Rematou ca supremacía europea no mundo.

1 - Causas da guerra:

1.1 - A tensión nos Balcáns.

- Nesta zona todos os países estaban enfrontados polas súas fronteiras. Debido a isto desenvolvéronse dúas guerras:

- En 1912 empezou a **Primeira Guerra Balcánica**: Serbia, Bulgaria, Grecia, e Montenegro formaron a **Liga Balcánica e enfrontáronse co imperio turco**. Con esta guerra conseguiron incorporar as súas fronteiras case toda a zona europea do imperio otomán.
- En 1913 estalou a **Segunda Guerra Balcánica**: Bulgaria atacou a Serbia e Grecia para ampliar as súas fronteiras. Pero os romaneses e os turcos correron a socorrer a Serbia. Bulgaria foi derrotada e os territorios que anexionara na Primeira Guerra Balcánica quedaron baixo poder serbio. Con esta guerra **Serbia** aparece como a nova potencia dos Balcáns.

1.2 - As rivalidades imperialistas:

- **Austria-Hungría e Rusia** estaban enfrontadas polo control dos Balcáns xa que Austria- Hungría quería ampliar as súas fronteiras e Rusia desexaba ter acceso ó estreito do Bósforo para navegar libremente polo mar Negro e o mar Mediterráneo. En 1908 Austria- Hungría anexiona Bosnia-Herzegovina. Debido a isto Rusia apoiará as ansias expansionistas da Liga Balcánica primeiro, e de Serbia despois.

- **Francia e Alemaña** estaban enfrontadas polo control de Alsacia e Lorena: Alsacia e Lorena eran dúas rexións moi ricas en carbón e ferro, e estaban situadas na fronteira entre Francia e Alemaña. Foran motivo de enfrontamento na guerra franco-prusiana de 1870 en que pasaron do dominio francés ó alemá. Agora Francia quería recuperalas e Alemaña pretendía impedirlo.

- **Inglaterra e Alemaña** estaban enfrontadas pola supremacía naval e comercial: a principios do século XX Alemaña emprendeu unha política de construción naval para competir nos mercados exteriores con Inglaterra. Isto poñía en perigo o control británico dos mares polo que Inglaterra empezou a buscar apoios no continente para illar a Alemaña.

2 - O camiño cara a guerra:

- A **carreira de armamentos e a diplomacia secreta** que acompañou a estes feitos fixo que aumentase a desconfianza entre os países que acabaron formando dous bloques:

- Dun lado Alemaña, Austria-Hungría e Italia chamados “Tripla Alianza”. Italia separouse máis tarde e uniuse ó bloque contrario. Entón a Tripla Alianza pasou a chamárselle potencias centrais.
- Doutro lado Francia, Rusia, e Inglaterra chamados “Tripla Entente”. Inglaterra sumouse no último momento. Entón pasaron a chamarlle os aliados.

● Estas manobras políticas víronse apoiadas pola poboación de cada país que cría que a súa nación era superior ás outras.

● **O feito que fixo estalar a guerra** foi o asasinato en Saraxevo (capital de Bosnia) do herdeiro ó trono do imperio austro-húngaro: o arquiduque Francisco Fernando de Habsburgo. A súa dona tamén foi asasinada. O asasino foi un fanático nacionalista bosnio que pertencía a unha organización clandestina serbia: a “Man Negra”. Diante deste feito Austria declaroulle a guerra á Serbia e empezou a funcionar o mecanismo das alianzas internacionais:

- Rusia acudiu en axuda de Serbia e desprazou as súas tropas contra Austria e Alemaña.
- Alemaña declaroulle a guerra a Francia e a Rusia.
- E Inglaterra declaroulle a guerra a Alemaña.

● Permaneceron neutrais: España, Suíza, os Países Baixos, e os Estados escandinavos (Dinamarca, Noruega, e Suecia.)

● A forzas dos países eran desiguais en número e organización: Inglaterra, Francia, e Rusia, contaban cun maior exército e unha maior poboación, pero os seus exércitos estaban dispersos e os seus mandos pouco coordinados. Pola contra, Alemaña e Austria-Hungría tiñan un exército e unha poboación máis pequenas, pero as súas forzas estaban concentradas e os seus mandos unificados.

3 - Fases da guerra:

3.1 - Guerra rápida ou guerra de movementos: 1914.

● Os alemáns planifican unha guerra rápida baixo o **plan de Schlieffen**: conquistar primeiro Francia e despois concentrarse en Rusia.

- Ocupan Bélxica e Luxemburgo e chegan ás portas de París **en Marne** onde son freados polos franceses.
- Os rusos, máis rápidos do que esperaban os alemáns, atácanos pola fronte oriental. Os alemáns conseguen deter o seu avance e conquistar Polonia oriental.

● Os austro-húngaros ceden en Galitzia.

● Os turcos deteñen ós rusos e ingleses en Oriente Medio.

● Despois destes resultados ábrese a posibilidade de que a **guerra sexa máis longa** do esperado porque os alemáns non conseguiran triunfar nunha guerra rápida como querían. Polo tanto o potencial económico e demográfico ía ser fundamental. Neste sentido Francia e Inglaterra dispoñían de máis poboación e máis colonias.

3.2 - Guerra de posicións: 1915.

- En Italia e no fronte Oeste con Francia mantivéronse as posicións estables mediante á guerra de trincheiras e fortificacións.
- No Leste os alemáns ocupan Serbia, Romanía.
- En Oriente Medio os turcos resisten ós franceses pero ceden ante os rusos.

3.3- Guerra de desgaste: 1916.

- O principal escenario bélico foi a fronte Occidental.
- A estratexia foi esgotar ó inimigo para conseguir a súa rendición con **longas batallas** que duraron varios meses e provocaron máis de medio millón de mortos cada unha:
 - **Batalla de Verdún** iniciada polos alemáns contra os franceses que durou 4 meses.
 - **Batalla de Somme** iniciada polos franceses contra os alemáns que durou 3 meses.
- No mar os alemáns rompen o bloqueo aliado pero perden contra os británicos na **batalla de Iutlandia**.

3.4- Ano decisivo ou de crise: 1917.

- Os **Estados Unidos entran na guerra** para deter os ataques dos submarinos alemáns ós seus barcos pero tamén para defender os seus intereses financeiros xa que concederan moitos préstamos a Francia e Inglaterra e a guerra estaba alongándose moito.

3.5- Fin da guerra: 1918.

- En 1918 **os rusos** retíranse da guerra e firman a **paz de Brest-Litovsk**.
- En **Oriente Medio** os aliados avanzan por Palestina e Mesopotamia aproveitando a revolta dos árabes contra os turcos (estes eran aliados dos alemáns).
- Deste xeito os alemáns quedan sós e o exército alemán vese incapaz de seguir a guerra. **O Kaiser Guillerme II** dimite e o **11 de novembro de 1918** firmase o armisticio ou cese da loita armada.

4 - Formas da guerra:

- Son exércitos de grandes masas recrutados polo servizo militar obrigatorio con **novos armamentos**: fusís de repetición, metralladoras, canóns de longo alcance, granadas, acoirazados, submarinos, e avións de combate.
- Xorden **novas formas de loita**: trincheiras, gases lacrimóxenos, tanques, aramados... e guerra submarina.
- E **mobilízanse de todos os recursos** de que dispoñen os países creándose unha economía de guerra con racionamentos, control da propaganda, censura das noticias...

5 - Balance da guerra.

- **Grandes perdas demográficas:** máis de 9 millóns mortos na fronte e 20 millóns de mutilados. Europa quedou chea de viúvas e orfos e a fame e a miseria apoderáronse da poboación.

- **Grandes perdas económicas:** a guerra librouse sobre todo en territorio europeo. Debido a isto Europa quedou sen campos de cultivo e sen gando, as vías de comunicacións e as fábricas destruídas, e con fortes débedas de guerra sobre todo a Estados Unidos. Perdeu para sempre a súa supremacía económica e industrial.

- A guerra **facilitou o triunfo das forzas políticas radicais:** dun lado o triunfo das revolucións de carácter marxista, caso da Revolución Rusa, e doutro o dos gobernos autoritarios que debilitaron a democracia e facilitaron o nacemento dos partidos fascistas.

6 - Tratados de paz. 1919.

- Asinouse un tratado con cada un dos países vencidos.

- Alemaña foi considerada a principal responsable da guerra polo que se lle impuxeron unhas condicións moi duras na **Paz de Versalles:**

- Tivo que pagar grandes indemnizacións, desarmar o seu exército e suprimir o servizo militar obrigatorio.
- Perdeu os territorios de Alsacia e Lorena que pasaron a Francia, e os de Dinamarca e Polonia que cedeu a Bélxica. Tamén perdeu as súas colonias que foron repartidas entre os aliados.
- Ademais foi obrigada a firmar a paz no mesmo lugar onde se proclamara o II Reich ou imperio alemán en 1871 (despois da súa unificación), foi excluída da Sociedade de Nacións e mantívose o bloqueo económico.

- Debido a todo isto poboación alemá sentiuse inxustamente tratada e aumentou o seu resentimento contra Francia e Inglaterra. Isto favoreceu a expansión do nazismo anos máis tarde.

- Por outra parte os aliados tampouco estaban satisfeitos xa que os franceses consideraron que se fora demasiado brando con Alemaña, e Italia sentiuse defraudada por non conseguir todas as promesas territoriais que se lle fixeran para que abandonase a Alemaña.

- Outra consecuencia dos tratados de paz é que se Crearon novos Estados coma Dinamarca, Estonia, Letonia, Lituania, Polonia, Checoslovaquia, e Iugoslavia (este último baixo a hexemonía de Serbia).

- E, por último, caeron os grandes imperios anteriores: alemán, austro-húngaro, ruso e turco, e foron substituídos por gobernos republicanos.

- Tamén se creou a Sociedade de Nacións que se considera o precedente da ONU. Creouse en 1919 a partir dunha idea do presidente americano Wilson que quería crear unha organización internacional que asegurase a solución negociada ós conflitos e o cumprimento dos tratados. Esta S.D.N. foi constituída primeiro polas potencias vencedoras e despois foron admitidos Alemaña e a Unión Soviética.